



EXP. 12/2025

RESOLUCIÓN

INICIO DE CHAMAMENTO PARA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL (interinidade) DE OFICIAL DE OBRAS E SERVIZOS A TRAVÉS DA LISTA DE RESERVA APROBADA CON DATA 12/12/2024, PARA COBERTURA DE POSTO VACANTE 02.02.00.04 COMO CONSECUENCIA DA DECLARACIÓN DE IP DO TRABALLADOR QUE A OCUPABA, ATA QUE A PRAZA SE CUBRA EN PROPIEDAD DE FORMA REGULAMENTARIA)

1. Antecedentes:

1. Mediante Resolución da Alcaldía de data 12/12/2024 e número 2024-0810, se aprobou a lista de reserva para contratación laboral temporal de oficial de obras e servizos, coa seguinte orde:

APELIDOS E NOME	DNI	primeiro exercicio	segundo exercicio	terceiro exercicio	valoración de méritos	total
MARTÍN CRUZ IGLESIAS	***0224**	7	18	0,66	0	25,66
DAVID FONTENLA BLANCO	***0950**	8,5	10	1	0	19,5
SATURNO MÍGUEZ MÍGUEZ	***0061**	6,5	11	0,58	0	18,08
FRANCISCO JAVIER RODRÍGUEZ ÁLVAREZ	***2570**	7	10	1	0	18

2. Mediante Resolución do INSS de 07/08/2023 se recoñeceu IP a Don Jaime Lage Pumares recollendo *“no se prevé que la situación de incapacidad vaya ser objeto de revisión por mejoría, que permita la reincorporación al puesto de trabajo antes de dos años.”*
3. Providencia de data 03/02/2025 de inicio dos trámites necesarios para contratación laboral temporal (interinidade) de un oficial de obras e servizos, para a cobertura de posto vacante 02.02.00.04 ata que a praza se cubra en propiedade, acudindo á lista de reserva para contratación laboral temporal de oficial de obras e servizos, lista aprobada por resolución de 12/12/2024.
4. Documento RC de data 04/02/2025, con cargo ás aplicacións 2025.1500.13100 e 2025.1500.16000
5. Informe de sec-intervención de 05/02/2024

Considerando que a vacante deriva da resolución do INSS de 07/08/2023 de incapacidade permanente do anterior titular, sen dereito a reserva de posto segundo o artigo 48.2 do Estatuto dos traballadores. Considerando que o art. 49 do TRLET establece que *“El contrato de trabajo se extinguirá: ...e) Por muerte, gran invalidez o incapacidad permanente total o absoluta del trabajador, sin perjuicio de lo dispuesto en el artículo 48.2...”*

Considerando necesario e urxente atender sen máis demora o servizo correspondente e as funcións que á correspondente praza atribúe a RPT (02.02.00.04), e prevéndose a inclusión de dita praza na vindeira oferta de emprego público.



Considerando que segundo o artigo 15 do Estatuto dos traballadores: “1. ...El contrato de trabajo de duración determinada solo podrá celebrarse por circunstancias de la producción o por sustitución de persona trabajadora.

Para que se entienda que concurre causa justificada de temporalidad será necesario que se especifiquen con precisión en el contrato la causa habilitante de la contratación temporal, las circunstancias concretas que la justifican y su conexión con la duración prevista. (...)

3. El contrato de sustitución podrá ser también celebrado para la cobertura temporal de un puesto de trabajo durante el proceso de selección o promoción para su cobertura definitiva mediante contrato fijo, sin que su duración pueda ser en este caso superior a tres meses, o el plazo inferior recogido en convenio colectivo, ni pueda celebrarse un nuevo contrato con el mismo objeto una vez superada dicha duración máxima ... (...).”

Considerando a Disposición Adicional cuarta do Real Decreto-lei 32/2021, que matiza respecto ao “régimen aplicable al personal laboral del sector público” que, « Los contratos por tiempo indefinido y los fijos-discontinuos podrán celebrarse cuando resulten esenciales para el cumplimiento de los fines que las administraciones públicas y las entidades que conforman el sector público institucional tenga encomendados, previa expresa acreditación. Sin perjuicio de la tasa de reposición establecida en la ley de presupuestos generales del Estado vigente para cada ejercicio, si para la cobertura de estas plazas se precisara de una tasa de reposición específica, será necesaria la autorización del Ministerio de Hacienda y Función Pública. Igualmente se podrán suscribir contratos de sustitución para cubrir temporalmente un puesto de trabajo hasta que finalice el proceso de selección para su cobertura definitiva, de acuerdo con los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad y en los términos establecidos en la Ley 20/2021, de 28 de diciembre, de medidas urgentes para la reducción de la temporalidad en el empleo público»

Considerando o artigo 4 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenrola o artigo 15 del ET en materia de contratos de duración determinada sinala que «El contrato de interinidad se podrá celebrar, asimismo, para cubrir temporalmente un puesto de trabajo durante el proceso de selección o promoción para su cobertura definitiva»

Considerando que a unidade de obras e servizos na actualidade coma xa se indicou está mermada de efectivos, dada a situación exposta. E considerando por outro lado que o servizo non pode deixar de prestarse e se considera prioritario, resultando excepcional, urxente e inaprazable a necesidade.

Á vista do anterior, se entende que se cumpran as previsións do artigo O artigo 20. Cinco, da Lei de Orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2023, "No se podrá contratar personal temporal, ni realizar nombramientos de personal estatutario temporal y de funcionarios interinos excepto en casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables, en los supuestos y de acuerdo con las modalidades previstas por el texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores, en su redacción dada por Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de diciembre, el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público, en su redacción dada por la Ley 20/2021, de 28 de diciembre, así como en el resto de normativa aplicable", en concreto:

Reúñense as circunstancias de carácter excepcional e necesidades urxentes ou inaprazables, dado que a unidade de obras e servizos atópase minguada tal e coma se expuxo máis arriba.

Por todo o anteriormente exposto esta Alcaldía, resolvendo a discrepancia manifestada no informe de intervención, RESOLVE:

Primeiro: Realizar o chamamento á primeira persoa da lista de reserva, Don Martín Cruz Iglesias, DNI: **0224***, ofertándolle un contrato laboral temporal (interinidade) de oficial de obras e servizos para





cobertura do posto 02.02.00.04 ata que a praza se cubra en propiedade en forma regulamentaria, coas seguintes retribucións:

Oficial de obras e servizos.

Salario: grupo V

Complemento destino: nivel 14

Complemento específico: segundo anexo de persoal do orzamento e RPT

O aspirante dispón do prazo de dous días hábiles para manifestar se está disposto a aceptar o ofrecemento ou ben manifesta a súa renuncia. A aceptación pode realizarse mediante escrito presentado directamente no rexistro electrónico deste Concello ou ben físicamente na Casa do Concello, oficina de Rexistro.

Aqueles que figuren no chamamento e non manifesten en prazo que están dispostos a aceptar a oferta ou contesten rexeitando a oferta considerarase que renuncian.

Facer notar que, en caso de manifestar dentro do prazo sinalado no parágrafo anterior que se está disposto a aceptar a oferta, será proposto para ser contratado como persoal laboral temporal (interinidade) dacordo co anteriormente exposto, a cuxos efectos deberán presentar a documentación que se sinala a continuación, no prazo máximo de 24 horas hábiles dende a publicación da proposta no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>) do Concello de Pazos de Borbén e de forma complementaria na súa páxina web, <https://pazosdeborben.gal>:

- Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme, nin estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade sinaladas na lexislación vixente
- Fotocopia da cartilla da S.S.
- Número de conta bancaria cos 20 díxitos.
- Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio da función.
- Certificado de escolaridade ou equivalente .
- Permiso de conducir clase C en vigor.

En ningún caso este prazo suporá ampliación do prazo procedente para a concorrencia dos requisitos esixidos á data da convocatoria.

Segundo: Publicar no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Pazos de Borbén (<https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>) e de forma complementaria na súa páxina web www.pazosdeborben.gal anuncio da presente resolución en relación coa aspirante a que se procede a chamar.

Terceiro: Dar traslado do presente acordo ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

Cuarto: Contra o presente acordo poderá interporse os seguintes recursos:

- **Potestativo de reposición**, ante o mesmo órgano que ditou o acordo, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte o desta notificación.



- **Contencioso-Administrativo**, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da presente notificación, se non se interpuxera o de reposición. Si se interpuxera este último, o prazo de dous meses empezaran a contarse dende o día seguinte ó da notificación da resolución do recurso de reposición, se esta fora expresa. Se a resolución non fora expresa o prazo para interpoñer o recurso contencioso administrativo será de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza a desestimación por silencio administrativo.
- Calquera outro que estime conveniente, baixo a súa responsabilidade.

En Pazos de Borbén, mándao e asínao o Sr. Alcalde.

O DECRETOU O SR. ALCALDE – PRESIDENTE O DÍA DA DATA DA SÚA SINATURA ELECTRÓNICA, DO QUE EU, SECRETARIA – INTERVENTORA DESTE CONCELLO, DOU FE, MEDIANTE SINATURA DIXITAL AO MARXE.

